

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSE GARCÍA GARCÍA
CURSO: 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

5º Educación Infantil. Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Criterio de avaliación	Indicadores específicos observables
- Coñecer progresivamente o seu esquema corporal.	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala en si mesmo/a, nun compañeiro/a e nunha imaxe, a cabeza, as mans e os pés. - Nomea os elementos da cabeza: ollos, nariz, boca. - Identifica elementos únicos e dobres do corpo. - Conta, de xeito adecuado á idade, como é: louro/a, moreno/a, alto/a, baixo/a, cor dos seus ollos...
- Coñecer algunhas das súas características diferenciais.	- Coñece algunhas características físicas diferenciais relacionadas co sexo.
- Coñecer as súas posibilidades e limitacións motoras e controlar progresivamente os seus movementos.	<ul style="list-style-type: none"> - Controla de xeito progresivo os seus movementos globais. - Controla a marcha e a parada. - Realiza movementos combinados co corpo. - Participa nos xogos e actividades psicomotoras.
Coñecer como é o corpo por dentro, comprendendo a función, as características e a necesidade de ósos, articulacións e algúns órganos	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que grazas ao esqueleto nos mantemos de pé. - Coñece que os ósos son duros e que poden ser grandes ou pequenos.
Descubrir as sensacións percibidas a través dos sentidos, localizándoos no seu corpo.	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que os ollos serven para ver. - Sabe que na boca se localiza o sentido do gusto. - Discrimina algúns sabores. - Sabe que na orella se localiza o sentido do oído. - Discrimina diferentes sons.
Progresar nas habilidades motoras de carácter fino.	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. - Mellora a realización de actividades que requiren dunha habilidade motora fina.
Ser progresivamente autónomo/a nas actividades e rutinas diarias.	<ul style="list-style-type: none"> - Lava as mans só/soa. - Intenta poñer e quitar só/soa algunha peza de vestir. - Sabe que debe cepillar os dentes despois das comidas. - Contribúe, de xeito adecuado á idade, á limpeza e a orde dos espazos nos que se realizan estas actividades.
- Desenvolverse con autonomía progresiva nas diferentes actividades que realiza.	<ul style="list-style-type: none"> - Diferencia tempo de traballo de tempo de xogo. - Participa nos xogos cos seus compañeiros e compañeiras. - Comprende as regras que rexen os xogos e respéctaa.

<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar constancia na realización das actividades e tarefas. - Adquirir hábitos de traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adquire progresivamente hábitos de traballo. - Está contento/a na clase. - É participativo/a e mostra interese. - Permanece sentado/a naquelas actividades que o requiren. - Resolve os pequenos conflitos que se lle presentan por medio do diálogo. - Participa nas actividades grupais.
<ul style="list-style-type: none"> - Identificar, expresar e controlar sentimentos e emocións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as expresións faciais das emocións traballadas en si mesmo/a e nos demais. - Controla de xeito adecuado á idade as súas emocións. - Mostra actitudes de xenerosidade. - Sabe que pode contribuír ao coidado da natureza. - Acepta as demostracións de afecto dos demais.
<ul style="list-style-type: none"> - Demostrar actitudes de respecto cara a todas as persoas independentemente das súas características físicas ou pertenza a unha determinada raza. 	<ul style="list-style-type: none"> - É respectuoso/a con todos os compañeiros e compañeiras. - Non discrimina compañeiros ou compañeiras no xogo.

5º Educación Infantil. Coñecemento do contorno (medio físico, natural, social e cultural)

Criterio de avaliación	Indicadores específicos observables
Coñecer e nomear algúns dos cambios que se producen no medio coa chegada das diferentes estacións.	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que no outono chove. - Coñece que o impermeable, as botas e o paraugas se utilizan para protexerse da chuvia. - Identifica froitos propios do outono. - Sabe que no inverno debe protexerse do frío. - Relaciona pezas de vestir propias do inverno coas partes do corpo na que se poñen. - Sabe que, no inverno pode nevar. - Sabe que na primavera deixa de ir frío.
Coñecer o seu colexio e a súa clase identificando os obxectos característicos, respectando as normas de comportamento e establecendo relacións afectuosas e de tolerancia cos compañeiros e compañeiras.	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza adecuadamente os obxectos da clase. - Desenvólvese con autonomía progresiva nas diferentes dependencias da escola. - Respecta a orde da fila. - Atende cando o docente fala. - Escoita a opinión dos seus compañeiros e compañeiras. - É afectuoso/a co docente e cos compañeiros. - Comeza a adquirir hábitos de traballo en equipo.
Identificar as partes e dependencias da casa e coñecer os obxectos propios e as accións que se realizan en cada unha delas. Coñece diferentes tipos de vivenda.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece o nome das diferentes dependencias da casa. - Describe de xeito sinxelo as accións que realiza no dormitorio, no salón, na cociña e no cuarto de baño. - Relaciona os diversos obxectos coa dependencia á que pertencen. - Coñece o nome de diferentes tipos de vivendas.
Identificar os diferentes membros da familia, establecendo relacións de parentesco.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os diferentes membros da súa familia.
Coñecer algúns dos medios de transporte nos que se pode viaxar, relacionándoos cos medios físicos polos que se desprazan.	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que o avión vai polo aire, o barco pola auga e o tren pola vía. - Identifica diferentes paisaxes e lugares aos que se pode ir de viaxe: a praia, a montaña, a neve...
Comprender a importancia das plantas para as persoas e iniciarse en actitudes de coidado e respecto cara a elas. Valorar o traballo realizado polos profesionais que se encargan do seu coidado.	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe que as plantas necesitan auga para vivir. - Nomea algúns alimentos que proceden das plantas. - Comprende que debemos coidar as árbores e plantas porque son necesarias para as persoas.

	<ul style="list-style-type: none"> - Colabora no coidado dalgunha planta na clase ou do horto.
Coñecer as características dalgúns animais, identificando algúns produtos e alimentos que nos proporcionan e desenvolvendo actitudes de respecto cara a eles.	<ul style="list-style-type: none"> - Nomea algúns animais domésticos e algúns propios da granxa. - Nomea algúns animais salvaxes. - Relaciona diversos animais coa súa forma de desprazarse (animais que voan e animais que nadan). - Coñece o nome dalgúns alimentos que nos proporcionan os animais - Sabe que debe respectar e coidar os animais.
Discriminar diferentes tipos de alimentos atendendo a diversos criterios, comprendendo a importancia dunha alimentación sa e variada.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o sabor doce e salgado dalgúns alimentos. - Nomea alimentos propios das diferentes estacións.
Aproximarse ao universo coñecendo algúns astros do día e da noite e identificando algunhas rutinas relacionadas con estes momentos.	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala nunha imaxe o astro que vemos de día e os que vemos de noite. - Sabe que o Sol é unha estrela. - Sabe que podemos ver a Lúa con diferentes formas. - Nomea algunhas rutinas relacionadas co día. - Describe algunhas das accións que realiza de noite.
Identificar e realizar a grafía dos números do 1 ao 6, asociándoos coas cantidades correspondentes e relacionando cada número co seu ordinal.	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza a grafía dos números 4, 5 e 6. - Realiza a grafía dos números traballados. - Sabe contar ata 6. - Asocia os números coas cantidades correspondentes.
Identificar e discriminar as figuras planas traballadas, localizando estas formas nos obxectos do seu contorno.	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala obxectos con forma circular, cadrada, triangular ou rectangular. - Nomea obxectos coas formas traballadas.
Localizar obxectos y localizarse a sí mesmo/a no espazo atendendo aos contidos traballados	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais nomeadas. - Localiza obxectos que se encontran en diferentes situacións espaciais. - Localiza obxectos e a si mesmo/a atendendo os criterios traballados.
Discriminar adecuadamente os cuantificadores traballados e realizar clasificacións e agrupacións atendendo a eles	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende os cuantificadores cheo-baleiro e moitos-poucos. - Diferencia se un conxunto ten tantos elementos como outro. - Realiza clasificacións e agrupacións atendendo aos criterios traballados.
Diferenciar os tamaños traballados e realizar estimacións moi simples de medida.	<ul style="list-style-type: none"> - Sinala obxectos e elementos grandes e pequenos. - Discrimina obxectos longos e curtos. - Nomea nunha situación dada os obxectos, elementos ou personaxes altos ou baixos. - Diferencia obxectos e elementos grosos e delgados.
Observar e discriminar as propiedades dos obxectos tendo en conta os contidos traballados.	<ul style="list-style-type: none"> - Nomea obxectos e elementos que sempre son dunha determinada cor. - Sabe que partes do corpo se abren e pechan.

	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe se un obxecto ou elemento é duro ou brando. - Identifica semellanzas e diferenzas en imaxes parecidas. - Agrupa e clasifica obxectos tendo en conta as propiedades traballadas.
Realizar diferentes series alternando dous ou tres criterios e lelas.	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza adecuadamente as series propostas. - Pon atención para determinar o criterio que segue unha serie.
Resolver problemas que xorden na súa vida cotiá utilizando os contidos matemáticos aprendidos.	<ul style="list-style-type: none"> - Aplica os coñecementos adquiridos para resolver problemas nos que interveñen o razoamento lóxico e as habilidades matemáticas. - Conta. - Agrupa. - Clasifica.

5º Educación Infantil. Linguaxes: comunicación e representación

Criterio de avaliación	Indicadores específicos observables
Utilizar a comunicación oral para comunicarse e facerse entender cos seus iguais e co adulto.	<ul style="list-style-type: none"> -Posúe un léxico adecuado á idade. - Articula e pronuncia de xeito progresivamente correcto as palabras do vocabulario. - Comunícase oralmente cos demais. - Progresa o seu nivel de expresión oral. - Expresa os seus desexos, sentimentos, ideas e necesidades.
Comprender mensaxes e textos transmitidos de forma oral.	<ul style="list-style-type: none"> - Progresa o seu nivel de comprensión verbal - Comprende as mensaxes dos seus compañeiros e compañeiras. - É capaz de contar coas súas propias palabras o conto que leu o docente. - Participa nos diálogos da clase.
Mostrar interese polos diferentes soportes escritos presentes no seu contorno e iniciarse na comprensión da mensaxe que conteñen	<ul style="list-style-type: none"> - Gústalle observar e manipular diferentes soportes escritos: contos, fichas, cartolinas de imaxes, láminas de fotografías, murais das unidades, imaxes dixitais... - Observa, le e interpreta pictogramas, imaxes, códigos e etiquetas.
Coñecer as normas que rexen o intercambio lingüístico e aplicarlas nos seus intercambios orais.	<ul style="list-style-type: none"> - Respecta a quenda de palabra. - Solicita as cousas adecuadamente. - Sabe que debe escoitar os demais nos diálogos da clase - Mira a persoa que lle fala. - Saúda cando entra. - Despídese cando sae. - Dá as grazas.
Iniciarse nos usos orais da lectura e da escritura, en función do seu nivel madurativo, interesándose polas situacións de lectura e de escritura da aula.	<ul style="list-style-type: none"> - Goza nas situacións de lectura na clase. - Sabe a direccionalidade correcta da lectura. - Colle o lapis e senta adecuadamente para escribir. - Realiza trazos e grafías con progresiva precisión. - Comeza a orientarse no espazo gráfico esborrachando e realizando trazos nun espazo delimitado - Coñece a grafía do seu nome e dalgunhas letras.

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas ao longo dos dous primeiros trimestres do curso 19/20. Este último trimestre non contará a efectos de avaliación. Debido o carácter continuo de toda a etapa, o terceiro trimestre 19/20 será avaliado no comenzo do curso seguinte durante todo o primeiro trimestre do curso 20/21.</p>
	<p>Instrumentos: A observación directa e sistemática dos alumnos, rexistro de incidencias, valoración das actividades e o traballo realizado ó longo dos diferentes proxectos nos dous primeiros trimestres, observación do comportamento dos nenos/as, recollida de información por parte da familia e outros membros do equipo docente e informe da avaliación trimestral.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades serán lúdicas, creativas, interactivas, dinámicas e activas. As actividades son de repaso e reforzo, permitindo asentir os contidos traballados e ser a base para asentir novos aprendizaxes.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía empregada baseouse en: Presentación de actividades na páxina Web do centro descargables en PDF. Para o alumnado sen conectividade ou q non dispoña de impresora, propúxose varias páxinas Web de contos e actividades on line que se puideran observar ou traballar visualmente dende os seus dispositivos. Emprego do correo persoal para aqueles pais/nais que quixeran mandar ou solicitar tarefas ou estar en contacto comigo.
Materiais e recursos	Empréganse actividades de distintos formatos en función do momento ou dos contidos a traballar. Hai actividades interactivas mediante recursos dispoñibles nas web de xeito gratuíto na rede (actividades dixitais: vídeos, audios...) Material imprimible en PDF.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Vías:</p> <ul style="list-style-type: none">.- Páxina Web do centro: Cpi.josegarcia.ourense@edu.xunta.es.- Correo persoal: juvaso@edu.xunta.es <p>Na Web do cpi colgamos todo aquilo de interese para as familias e as actividades descargables en PDF. Ata o momento non tivemos resposta por parte das familias.</p>
Publicidade	<p>Toda a documentación será publicada na páxina Web do centro: Cpi.josegarcia.ourense@edu.xunta.es</p>